

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN DE SOLIDARIDAD AMARANTA PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO "PLAN ESPAÑA TE PROTEGE CONTRA LA VIOLENCIA MACHISTA" NO MARCO DO "PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATIONEU".

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Fundación de Solidaridad Amaranta o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación de Solidaridad Amaranta para:

- A realización dunha serie de investimentos consistentes na rehabilitación e mellora das instalacións do centro de acollida para mulleres que sofren violencia de xénero así como a adquisición de mobiliario e equipamento e un vehículo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Fundación de Solidaridad Amaranta é titular dun centro de acollida acondicionado e autorizado para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, e cumpre os requisitos establecidos na Orde do 1 de abril de 1997, pola que se regulan os requisitos específicos dos centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.

Foi constituída con data 30 de novembro de 2006 constando a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de carácter estatal por Resolución do 30 de marzo de 2007 sendo o número de rexistro asignado o 816 e figura recoñecida e inscrita no Rexistro único de entidades



prestadoras de servizos sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co número E-6098, e que ten entre outros os seguintes obxectivos:

- Contribuír ao pleno desenvolvemento dos dereitos das mulleres en todo o mundo especialmente promovendo o acceso aos mesmos, daquelas en situacións de maior vulnerabilidade ou exclusión social.
- Contribuír ao cambio social a través da sensibilización e a denuncia de estruturas que non respectan os Dereitos Humanos, especialmente os dereitos sociais, políticos, económicos e culturais das mulleres.

Está integrada na rede galega de acollemento nos termos previstos na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e ten como finalidade proporcionar aloxamento así como un espazo de protección que proporciona a cobertura de necesidades básicas como o aloxamento, manutención e gastos farmacéuticos ás persoas destinatarias do recurso.

A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Fundación de Solidaridad Amaranta para o financiamento dos investimentos previstos realizar no dito centro, para poder ofrecer uns centros de acollida axeitados e equipados e que contén cunha infraestrutura idónea.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepción do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar recursos de acollida ás mulleres vítimas de violencia de xénero axeitados e cuns espazos de confort para atender a un colectivo especialmente vulnerable como son as mulleres vítimas de violencia de xénero. Forma parte da Rede Galega de Acollemento recollida no artigo 48 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, e como tal presta un servizo non só de acollida senón que realiza un acompañamento e asesoramento integral, nos aspectos psicolóxicos, xurídicos, sociolaborais, ás mulleres que el residen.



De conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrência pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscripción deste convenio, posto que hai que ter en conta a especificidade das características do proxecto que se vai a levar a cabo e a ausencia no ámbito da provincia de Ourense de entidades alternativas que dispoñen dos espazos e persoal axeitado para mulleres vítimas de violencia, así como a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

